

# DEPARTAMENTO DE FRANCÉS- CURSO 2021-22

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

### 1º e 2º DE ESO

O alumno obterá unha cualificación global da materia unha vez por trimestre, coincidindo coa avaliación. Dita cualificación será numérica, puntuarase de 0 a 10, sendo de 0 a 4, Insuficiente e de 5 a 10, Aprobado.

Para a avaliación global de cada trimestre teranse en conta os seguintes aspectos:

#### **Contidos conceptuais: 70%**

Serán probas realizadas individualmente. Versarán sobre os contidos conceptuais que se viron en clase. Cada proba incluírá unha ou dúas unidades do libro. Haberá un mínimo de dous por avaliación. Non teñen por que ter o mesmo peso á hora de facer a media. Algunha proba poderá ponderar máis ca outra.

As preguntas serán similares aos exercicios realizados en clase e tratarán sobre estruturas gramaticais, léxico, verbos, comprensión e expresión escrita así como comprensión oral.

**Cando un alumno ou alumna non se presente ao exame na data fixada, deberá xustificalo debidamente ou non poderá facelo noutra data.**

#### **Valoración do traballo diario: 30%**

##### Libreta (5%)

Valorarase polo menos unha vez por avaliación. Nela quedarán recollidos os exercicios de clase, os esquemas gramaticais, as anotacións que o profesor realice na pizarra ou calquera outra actividade que se indique previamente aos alumnos.

##### Cahier d'activités (5%)

Valorarase polo menos unha vez por avaliación. Nel quedarán recollidos os exercicios feitos (na aula ou en casa) e corrixidos na aula.

Teranse en conta a orde, a corrección e a limpeza tanto da libreta como do *cahier*.

### Tarefas de casa e traballo na aula (20%)

As *tarefas* valoraranse coas seguintes apreciacións: *Très bien, Bien, Assez bien, Moyen, Satisfaisant, Insatisfaisant*. Serán basicamente actividades de repaso de fin de tema ou actividades de produción escrita. Poderán ser entregadas en papel ou en pdf a través da aula virtual. **As tarefas que non respecten as consignas ou entregadas fóra de prazo non serán avaliadas.**

*No traballo na aula*, valorarase se o alumno leva a materia ao día, as actitudes de respecto cara ao resto de membros do grupo, a colaboración, a participación nas actividades propostas, a puntualidade e a asistencia a clase. Neste apartado incluiremos tamén a produción oral do alumno, tendo en conta a pronuncia, a fluidez, a riqueza de vocabulario, a corrección gramatical e, de modo xeral, a súa corrección progresiva. Poderase valorar ben na lectura dunha consigna, dun texto, nas respostas ao profesor ou compañeiros ou nos *jeux de rôles*.

Nas probas de contidos conceptuais, a nota mínima para poder facer media co resto de probas do mesmo tipo ha de ser de 4. De non ser así, e aínda que a valoración do traballo diario sexa positiva, non se fará a media e o alumno non terá superada a avaliación. Poderá recuperar a parte dos contidos conceptuais ao inicio da seguinte avaliación. A nota máxima obtida será de 5. Do mesmo xeito, se ten aprobados os contidos conceptuais pero non a parte de tarefas e traballo diario, non terá aprobada a avaliación.

A cualificación final de xuño resultará dunha ponderación na que serán tidas en conta as cualificacións das tres avaliacións do curso cun peso do 30% 1ªavaliación + 35% 2ªavaliación + 35% 3ªavaliación.

Os alumnos que teñan suspenso só a terceira avaliación cunha nota por debaixo do 4, terán que presentarse obrigatoriamente e directamente á proba global aínda que aprobasen a 1º e a 2ª.

Para os que teñan só a 1ª ou só a 2ª suspensa cun 4 e a 3ª aprobada non será necesario. Os que teñan dúas (indistintamente cales) ou todas as avaliacións suspensas con notas por debaixo do 4, terán que presentarse obrigatoriamente e directamente á proba global. Nesta proba demostraranse coñecementos suficientes dos obxectivos mínimos. A nota máxima obtida será de 5. Se non a superan, irán á convocatoria extraordinaria. Salvo en casos excepcionais, na convocatoria extraordinaria non haberá proba de audio nin de expresión oral.

Para a convocatoria extraordinaria, **será obrigatorio que o alumno entregue en papel e o mesmo día do exame**, o caderno de actividades de reforzo debidamente cumprimentado. Este pode ter sido entregado en man pola profesora, titor/a, xefa do departamento ou descargado da aula virtual. A cualificación final desta convocatoria resultará dunha ponderación na que o caderno terá un peso do 30% e o exame un 70%. É necesario ter un mínimo de 4 no exame para poder aprobar. De non ser o caso, e aínda que o caderno de actividades teña unha apreciación positiva, a materia non estará superada. Do mesmo xeito, se o exame está aprobado pero o caderno de actividades non entregado ou mal feito tampouco se superará a materia.

### 3º e 4º DE ESO

O alumno obterá unha cualificación global da materia unha vez por trimestre, coincidindo coa avaliación. Dita cualificación será numérica, puntuarase de 0 a 10, sendo de 0 a 4, Insuficiente e de 5 a 10, Aprobado.

Para a avaliación global teranse en conta os seguintes aspectos:

#### **Contidos conceptuais: 80%:**

##### 3º DE ESO

- Probas escritas (60%)
- Probas orais (20%) → *Producción oral (10%) / Comprensión oral (10%)*

##### 4º DE ESO

- Probas escritas (50%)
- Probas orais (30%) → *Producción oral (20%) / Comprensión oral (10%)*

### Probas escritas:

Serán probas realizadas individualmente. Versarán sobre os contidos conceptuais que se viron en clase. Cada proba incluíra unha ou dúas unidades do libro de texto ou un tema extra da aula virtual. Haberá un mínimo dunha por avaliación. Non teñen por que ter o mesmo peso á hora de facer a media. Algunha proba poderá ponderar máis ca outra.

As preguntas serán similares aos exercicios realizados en clase e tratarán sobre estruturas gramaticais, léxico, verbos, comprensión e expresión escrita.

### Probas orais:

#### *Producción oral*

A proba poderá ser unha presentación oral ante a clase, con ou sen soporte visual, unha batería de preguntas ante a profesora (sen soporte visual) ou un *jeu de rôles* (sen soporte visual). En 3º de ESO haberá un mínimo de dous ao longo do curso e en 4º de ESO tres.

Terase en conta a fonética, fluidez, coherencia e cohesión, contido, riqueza léxica, corrección gramatical e respecto das consignas. Valorarase igualmente a corrección progresiva do alumno ao longo do curso.

#### *Comprensión oral*

Haberá unha por trimestre. O seu grado de dificultade irá aumentando progresivamente ao longo do curso. Serán preguntas do tipo verdadeiro/falso, *questions à choix multiple* ou ocos para encher cunha palabra ou unha frase.

**Cando un alumno ou alumna non se presente a un exame na data fixada, sexa oral ou escrito, deberá xustificalo debidamente ou non poderá facelo noutra data.**

### **Valoración do traballo diario: 20%**

As *tarefas de casa* valoraranse coas seguintes apreciacións: *Très bien, Bien, Assez bien, Moyen, Satisfaisant, Insatisfaisant*. Serán basicamente actividades de repaso de fin de tema ou producións escritas. Poderán ser entregadas en papel ou en pdf a través da aula virtual.

**As tarefas que non respecten as consignas ou entregadas fóra de prazo non serán avaliadas.**

Neste apartado, incluiremos tamén as *lecturas graduadas*. Haberá unha por curso, tanto en 3º como en 4º. Comprobaremos a lectura a través dun cuestionario e as apreciacións serán as mesmas que para o resto das tarefas de casa.

*No traballo na aula*, valorarase se o alumno leva a materia ao día, as actitudes de respecto cara ao resto de membros do grupo, a colaboración, a participación nas actividades propostas, a puntualidade e a asistencia a clase.

Nas probas de contidos conceptuais, a nota mínima para poder facer media co resto de probas do mesmo tipo ha de ser de 4. De non ser así, e aínda que a valoración do traballo diario sexa positiva, non se fará a media e o alumno non terá superada a avaliación. Poderá recuperar a parte dos contidos conceptuais ao inicio da seguinte avaliación. A nota máxima obtida será de 5. Do mesmo xeito, se ten aprobados os contidos conceptuais pero non a parte de tarefas e traballo diario, non terá aprobada a avaliación.

A cualificación final de xuño resultará dunha ponderación na que serán tidas en conta as cualificacións das tres avaliacións do curso cun peso do 30% 1ªavaliación + 35% 2ªavaliación + 35% 3ªavaliación.

Os alumnos que teñan suspenso só a terceira avaliación cunha nota por debaixo do 4, terán que presentarse obrigatoriamente e directamente á proba global aínda que aprobasen a 1º e a 2ª.

Para os que teñan só a 1ª ou só a 2ª suspenso cun 4 e a 3ª aprobada non será necesario.

Os que teñan dúas (indistintamente cales) ou tódalas avaliacións suspensas con notas por debaixo do 4, terán que presentarse obrigatoriamente e directamente á proba global.

Nesta proba demostraranse coñecementos suficientes dos obxectivos mínimos. A nota máxima obtida será de 5. Se non a superan, irán á convocatoria extraordinaria. Salvo en

casos excepcionais, na convocatoria extraordinaria non haberá proba de audio nin de expresión oral.

Para a convocatoria extraordinaria, **será obrigatorio que o alumno entregue en papel e o mesmo día do exame**, o caderno de actividades de reforzo debidamente cumprimentado. Este pode ter sido entregado en man pola profesora, titor/a, xefa do departamento ou descargado da aula virtual. A cualificación final desta convocatoria resultará dunha ponderación na que o caderno terá un peso do 20% e o exame un 80%. É necesario ter un mínimo de 4 no exame para poder aprobar. De non ser o caso, e aínda que o caderno de actividades teña unha apreciación positiva, a materia non estará superada. Do mesmo xeito, se o exame está aprobado pero o caderno de actividades non entregado ou mal feito tampouco se superará a materia.

## 1º DE BACH

O alumno obterá unha cualificación global da materia unha vez por trimestre, coincidindo coa avaliación. Dita cualificación será numérica, puntuarase de 0 a 10, sendo de 0 a 4, Insuficiente e de 5 a 10, Aprobado.

Para a avaliación global teranse en conta os seguintes aspectos:

### **Contidos conceptuais: 80%:**

- Probas escritas (60%)
- Probas orais (20%) → *Producción oral (10%) / Comprensión oral (10%)*

### Probas escritas:

Serán probas realizadas individualmente. Versarán sobre os contidos conceptuais que se viron en clase. Cada proba incluírá unha ou dúas unidades do libro ou un tema extra da aula virtual. Haberá un mínimo dunha ou dous por avaliación. Non teñen por que ter o mesmo peso á hora de facer a media. Algunha proba poderá ponderar máis ca outra.

As preguntas serán similares aos exercicios realizados en clase e tratarán sobre estruturas gramaticais, léxico, verbos, comprensión e expresión escrita.

### Probas orais:

### *Producción oral*

A proba poderá ser unha presentación oral ante a clase, con ou sen soporte visual, unha batería de preguntas ante a profesora (sen soporte visual) ou un *jeu de rôles* (sen soporte visual). Haberá unha por avaliación.

Terase en conta a fonética, fluidez, coherencia e cohesión, contido, riqueza léxica, corrección gramatical e respecto das consignas. Valorarase igualmente a corrección progresiva do alumno ao longo do curso.

### *Comprensión oral*

Haberá unha por trimestre. O seu grado de dificultade irá aumentando progresivamente ao longo do curso. Serán preguntas do tipo verdadeiro/falso, *questions à choix multiple* ou ocos para encher cunha palabra ou unha frase.

**Cando un alumno ou alumna non se presente a un exame na data fixada, sexa oral ou escrito, deberá xustificalo debidamente ou non poderá facelo noutra data.**

### **Valoración do traballo diario: 20%**

*As tarefas de casa* valoraranse coas seguintes apreciacións: *Très bien, Bien, Assez bien, Moyen, Satisfaisant, Insatisfaisant*. Serán actividades de repaso de fin de tema, redaccións ou unha lectura graduada. Poderán ser entregadas en papel ou en pdf a través da aula virtual. **As tarefas que non respecten as consignas ou entregadas fóra de prazo non serán avaliadas.**

*No traballo na aula*, valorarase se o alumno leva a materia ao día, as actitudes de respecto cara ao resto de membros do grupo, a colaboración, a participación nas actividades propostas, a puntualidade e a asistencia a clase.

Nas probas de contidos conceptuais, a nota mínima para poder facer media co resto de probas do mesmo tipo ha de ser de 4. De non ser así, e aínda que a valoración do traballo diario sexa positiva, non se fará a media e o alumno non terá superada a avaliación. Poderá recuperar a parte dos contidos conceptuais ao inicio da seguinte avaliación. A nota máxima

obtida será de 5. Do mesmo xeito, se ten aprobados os contidos conceptuais pero non a parte de tarefas e traballo diario, non terá aprobada a avaliación.

A cualificación final de xuño resultará dunha ponderación na que serán tidas en conta as cualificacións das tres avaliacións do curso cun peso do 30% 1ªavaliación + 35% 2ªavaliación + 35% 3ªavaliación.

Os alumnos que teñan suspensa só a terceira avaliación cunha nota por debaixo do 4, terán que presentarse obrigatoriamente e directamente á proba global aínda que aprobasen a 1º e a 2ª.

Para os que teñan só a 1ª ou só a 2ª suspensa cun 4 e a 3ª aprobada non será necesario.

Os que teñan dúas (indistintamente cales) ou tódalas avaliacións suspensas con notas por debaixo do 4, terán que presentarse obrigatoriamente e directamente á proba global.

Nesta proba demostraranse coñecementos suficientes dos obxectivos mínimos. A nota máxima obtida será de 5. Se non a superan, irán á convocatoria extraordinaria. Salvo en casos excepcionais, na convocatoria extraordinaria non haberá proba de audio nin de expresión oral.

Para a convocatoria extraordinaria, **será obrigatorio que o alumno entregue en papel e o mesmo día do exame**, o caderno de actividades de reforzo debidamente cumprimentado. Este pode ter sido entregado en man pola profesora, titora, xefa do departamento ou descargado da aula virtual. A cualificación final desta convocatoria resultará dunha ponderación na que o caderno terá un peso do 20% e o exame un 80%. É necesario ter un mínimo de 4 no exame para poder aprobar. De non ser o caso, e aínda que o caderno de actividades teña unha apreciación positiva, a materia non estará superada. Do mesmo xeito, se o exame está aprobado pero o caderno de actividades non entregado ou mal feito tampouco se superará a materia.

## 2º DE BACH



O alumno obterá unha cualificación global da materia unha vez por trimestre, coincidindo coa avaliación. Dita cualificación será numérica, puntuarase de 0 a 10, sendo de 0 a 4, Insuficiente e de 5 a 10, Aprobado.

Para a avaliación global teranse en conta os seguintes aspectos:

**Contidos conceptuais: 80%:**

- Probas escritas (60%)
- Probas orais (20%) → *Producción oral (10%) / Comprensión oral (10%)*

Probas escritas:

Serán probas realizadas individualmente. Versarán sobre os contidos conceptuais que se viron en clase. Cada proba incluírá unha ou dúas unidades do libro ou temas extras da aula virtual. Haberá un mínimo dunha ou dous por avaliación. Non teñen por que ter o mesmo peso á hora de facer a media. Algunha proba poderá ponderar máis ca outra.

As preguntas serán similares aos exercicios realizados en clase e tratarán sobre estruturas gramaticais, léxico, verbos, comprensión e expresión escrita.

Probas orais:

*Producción oral*

A proba poderá ser unha presentación oral ante a clase, con ou sen soporte visual, ou unha batería de preguntas ante a profesora (sen soporte visual) . Haberá unha por avaliación.

Terase en conta a fonética, fluidez, coherencia e cohesión, contido, riqueza léxica, corrección gramatical e respecto das consignas. Valorarase igualmente a corrección progresiva do alumno ao longo do curso.

*Comprensión oral*

Haberá unha por trimestre. O seu grado de dificultade irá aumentando progresivamente ao longo do curso. Serán preguntas do tipo verdadeiro/falso, *questions à choix multiple* ou ocios para encher cunha palabra ou unha frase.

**Cando un alumno ou alumna non se presente a un exame na data fixada, sexa oral ou escrito, deberá xustificalo debidamente ou non poderá facelo noutra data.**

### **Valoración do traballo diario: 20%**

*As tarefas de casa* valoraranse con apreciacións ou notas numéricas. Serán principalmente exames ABAU doutros anos e producións escritas. Poderán ser entregadas en papel ou en pdf a través da aula virtual. Para o alumnado que non se presente a francés na ABAU, poderán ser substituídas por cuestionarios sobre lecturas graduadas ou elaboración dun proxecto (individual ou grupal) proposto pola profesora. **As tarefas que non respecten as consignas ou entregadas fóra de prazo non serán avaliadas.**

*No traballo na aula*, valorarase se o alumno leva a materia ao día, as actitudes de respecto cara ao resto de membros do grupo, a colaboración, a participación nas actividades propostas, a puntualidade e a asistencia a clase.

Nas probas de contidos conceptuais, a nota mínima para poder facer media co resto de probas do mesmo tipo ha de ser de 4. De non ser así, e aínda que a valoración do traballo diario sexa positiva, non se fará a media e o alumno non terá superada a avaliación. Poderá recuperar a parte dos contidos conceptuais ao inicio da seguinte avaliación. A nota máxima obtida será de 5. Do mesmo xeito, se ten aprobados os contidos conceptuais mais non a parte de tarefas e traballo diario, non terá aprobada a avaliación.

A cualificación final de xuño resultará dunha ponderación na que serán tidas en conta as cualificacións das tres avaliacións do curso cun peso do 30% 1ªavaliación + 35% 2ªavaliación + 35% 3ªavaliación.

Os alumnos que teñan suspensa só a terceira avaliación cunha nota por debaixo do 4, terán que presentarse obrigatoriamente e directamente á proba global aínda que aprobasen a 1º e a 2ª.

Para os que teñan só a 1ª ou só a 2ª suspensa cun 4 e a 3ª aprobada non será necesario.

Os que teñan dúas (indistintamente cales) ou tódalas avaliacións suspensas con notas por debaixo do 4, terán que presentarse obrigatoriamente e directamente á proba global.

Nesta proba demostraranse coñecementos suficientes dos obxectivos mínimos. A nota máxima obtida será de 5. Se non a superan, irán á convocatoria extraordinaria. Salvo en casos excepcionais, na convocatoria extraordinaria non haberá proba de audio nin de expresión oral.

**APLICABLE A TODOS OS CURSOS: No caso de sorprenden copiando a un/unha alumno/a nun exame ou ter sospeitas diso, aplicaranse automaticamente as medidas establecidas polo centro ao respecto.**

## **PLAN DE TRABALLO PARA A SUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE**

Aínda que teoricamente o francés é unha das materias denominadas “acumulativas”, entendemos que un programa de reforzo é necesario e conveniente.

No caso dos alumnos que continúan cursando esta materia no curso seguinte, considerarase aprobada a do curso anterior se aproban *a primeira avaliación* do curso no que se atopan e lle entregan á súa profesora actual, **obrigatoriamente**, o caderno de actividades de repaso debidamente cumprimentado. Poderase entregar en papel ou en formato dixital (dispoñible na aula virtual) e terá que ser **no día fixado** polo departamento. **Non se recollerán cadernos fóra de prazo.**

A súa profesora actual ou a Xefa do departamento, resolverán as súas dúbidas ben na aula, recreos ou por vía telemática.

Se a primeira avaliación está aprobada pero o caderno de actividades non entregado ou mal feito a materia pendente **non quedará aprobada.**

Para aqueles alumnos que deixasen de cursar a materia e para todos aqueles que non aprobasen a primeira avaliación do curso no que se atopan, haberá un exame que terá lugar durante o mes de maio.

Terán tamén que entregar, **obrigatoriamente**, o caderno de actividades de repaso debidamente cumprimentado. Poderase entregar en papel ou en formato dixital (dispoñible na aula virtual) e terá que ser **no día fixado** polo departamento. **Non se recollerán cadernos fóra de prazo.**

A Xefa do departamento, resolverá as súas dúbidas nos recreos ou por vía telemática.

A cualificación final desta convocatoria resultará dunha ponderación na que o caderno terá un peso do 30% e o exame un 70%. É necesario ter un mínimo de 4 no exame para poder aprobar. De non ser o caso, e aínda que o caderno de actividades teña unha apreciación positiva, a materia non estará superada. Do mesmo xeito, se o exame está aprobado pero o caderno de actividades non entregado ou mal feito tampouco se superará a materia.

## **GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES**

### **1º DE ESO**

#### *COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS*

1. Comprende nunha conversación informal, descrições, narracións e opinións.
2. Entende os puntos principais en transaccións e xestións cotiás.
3. Identifica, con apoio visual, instrucións xerais.
4. Identifica patróns sonoros acentuais e rítmicos.
5. Fai presentacións breves e ensaiadas seguindo un guión.

#### *PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN*

1. Desenvólvese coa eficacia suficiente en xestións e transaccións cotiás.
2. Participa en conversacións informais breves nas que establece contacto, intercambia información e expresa opinións.

### *COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS*

1. Entende información específica esencial en documentos claramente estruturados sobre temas relativos do seu interese.
2. Identifica, con apoio visual, instrucións xerais.
3. Capta o sentido xeral e algúns detalles de textos breves.
4. Comprende correspondencia persoal sinxela en calquera formato.

### *PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN*

1. Escribe correspondencia persoal breve.
2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica.

## **2º DE ESO**

### *COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS*

1. Comprende nunha conversación formal, preguntas sinxelas sobre asuntos persoais ou educativos.
2. Capta a información máis importante de indicacións ou anuncios sempre que as condicións acústicas sexan boas.
3. Identifica patróns sonoros acentuais e rítmicos.
4. Fai presentacións breves e ensaiadas seguindo un guión.

## *PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN*

1. Desenvólvese coa eficacia suficiente en xestións e transaccións cotiás.
2. Desenvólvese de maneira simple nunha conversación formal ou entrevista achegando información necesaria.
3. Participa en conversacións informais breves nas que establece contacto, intercambia información e expresa opinións.

## *COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS*

1. Identifica, con apoio visual, instrucións xerais.
2. Entende información específica esencial en documentos claramente estruturados sobre temas relativos do seu interese.
3. Capta o sentido xeral e algúns detalles de textos breves.
4. Comprende correspondencia persoal sinxela en calquera formato.

## *PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN*

1. Escribe correspondencia formal moi básica e breve observando as convencións formais e normas de cortesía.
2. Escribe correspondencia persoal breve.

## **3º DE ESO**

### *COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS*

1. Capta a información máis importante de indicacións ou anuncios sempre que as condicións acústicas sexan boas.

2. Identifica, con apoio visual, instrucións xerais.
3. Comprende preguntas sinxelas sobre asuntos persoais ou educativos.
4. Identifica patróns sonoros acentuais e rítmicos.

### *PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN*

1. Fai presentacións breves e ensaiadas seguindo un guión.
2. Desenvólvese coa eficacia suficiente en xestións e transaccións cotiás.
3. Desenvólvese de maneira simple nunha conversación formal ou entrevista achegando información necesaria.

### *COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS*

1. Entende información específica esencial en documentos claramente estruturados sobre temas relativos do seu interese.
2. Identifica, con apoio visual, instrucións xerais.
3. Capta o sentido xeral e algúns detalles de textos breves.
4. Comprende correspondencia persoal sinxela en calquera formato.

### *PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN*

1. Escribe correspondencia persoal breve.

## **4º DE ESO**

### *COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS*

1. Comprende nunha conversación formal ou entrevista, preguntas sobre asuntos persoais ou educativos así como comentarios sinxelos e predicibles relacionados cos mesmos.

2. Comprende preguntas sinxelas sobre asuntos persoais ou educativos.

### *PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN*

3. Pronuncia e entoa de maneira clara e intelixible.

4. Fai presentacións breves e ensaiadas seguindo un esquema lineal e estruturado.

5. Participa en conversacións informais breves nas que establece contacto, intercambia información e expresa opinións.

### *COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS*

1. Entende información específica esencial en documentos claramente estruturados sobre temas relativos do seu interese.

2. Capta as ideas principais de textos xornalísticos breves.

3. Comprende correspondencia persoal sinxela en calquera formato.

4. Entende o esencial de correspondencia formal.

### *PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN*

1. Escribir notas e mensaxes nos que fai comentarios breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas coa vida cotiá.

2. Escribe correspondencia formal básica e breve observando as convencións formais e normas de cortesía básicas.



## 1º DE BACH

### *COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS*

1. Capta os puntos principais e detalles relevantes de mensaxes, gravados ou de viva voz, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información claramente estruturada, sempre que poida volver escoitar o devandito ou pedir confirmación.

2. Entende o que se di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas, e os puntos principais e información relevante cando se lle fala directamente en situacións menos habituais ( p. e. se xorde algún problema), sempre que poida volver escoitar o devandito.

3. Comprende, nunha conversación informal na que participa, opinións xustificadas e claramente articuladas sobre diversos asuntos cotiás ou de interese persoal, así como a expresión de sentimentos sobre aspectos concretos de temas habituais ou de actualidade.

4. Comprende, nunha conversación formal ou entrevista na que participa, información relevante de carácter habitual e predicible sobre asuntos prácticos no ámbito educativo, sempre que poida pedir que se lle repita, ou que se reformule, aclare ou elabore, algo do que se lle dixo.

5. Distingue, con apoio visual ou escrito, o sentido xeral e as ideas máis importantes en presentacións ben estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese nos ámbitos persoal e educativo.

6. Identifica os aspectos máis importantes de programas informativos, documentais e entrevistas en radio, así como o esencial de programas de entretemento, cando o discurso está ben estruturado e articulado con claridade nunha variedade estándar da lingua.

### *PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN*

1. Fai presentacións ensaiadas previamente, sobre aspectos concretos de temas académicos do seu interese, organizando a información básica nun esquema coherente e

ampliándoa con algúns exemplos, e respondendo a preguntas sinxelas dos oíntes sobre o tema tratado.

2. Desenvólvese coa suficiente eficacia en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estancia noutros países por motivos persoais ou educativos (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, relacións coas autoridades, saúde, lecer).

3. Participa en conversacións informais, sobre asuntos cotiáns, nas que intercambia información e expresa e xustifica opinións brevemente; narra e describe feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións; expresa e xustifica sentimentos de maneira sinxela, e describe con certo detalle aspectos concretos de temas de actualidade ou de interese persoal ou educativo.

4. Toma parte en conversacións formais ou entrevistas de carácter académico ou ocupacional, sobre temas moi habituais nestes contextos, intercambiando información relevante sobre feitos concretos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo con sinxeleza e claridade os seus puntos de vista, e xustificando as súas accións, opinións e plans.

### *COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS*

1. Identifica a información máis importante sobre a realización de actividades ou de convivencia na contorna pública e educativa.

2. Entende o sentido xeral e os puntos principais de anuncios e comunicacións de carácter público, institucional ou corporativo claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal ou académico ( p. e. sobre cursos, prácticas, ou bolsas).

3. Comprende correspondencia persoal, en calquera soporte incluíndo foros online ou blogs, na que se describen e narran feitos e experiencias, impresións e sentimentos, e intercámbianse información e opinións sobre aspectos concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese.

4. Entende o suficiente de correspondencia de carácter formal, institucional ou comercial sobre distintos temas.

5. Identifica a información máis importante en textos xornalísticos en calquera soporte, breves e ben estruturados e que traten de temas xerais ou coñecidos, e capta as ideas principais de artigos divulgativos sinxelos sobre temas do seu interese.

6. Entende información específica relevante en páxinas Web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a materias académicas ou asuntos relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses.

### *PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN*

1. Completa un cuestionario con información persoal, académica ou ocupacional.

2. Escribe mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte ( p. e. en Twitter ou Facebook), nos que solicita e transmite información e opinións sinxelas, respectando as convencións e normas de cortesía.

3. Escribe, nun formato convencional, informes moi breves e sinxelos nos que dá información esencial sobre un tema académico, facendo breves descrições e narrando acontecementos seguindo unha estrutura esquemática.

4. Escribe correspondencia persoal, en calquera formato, na que describe experiencias e sentimentos; narra, de forma lineal, actividades e experiencias pasadas ( p. e. unha viaxe); e intercambia información e opinións sobre temas concretos nas súas áreas de interese persoal ou educativo.

5. Escribe correspondencia formal básica, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, na que pide ou dá información, ou solicita un servizo, respectando as convencións formais e normas de cortesía máis comúns neste tipo de textos.

## **2º DE BACH**

## *COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS*

1. Capta os puntos principais e detalles relevantes de mensaxes gravadas ou de viva voz, claramente articuladas, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información.

2. Entende o que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas e pode pedir confirmación dalgúns detalles.

3. Comprende, nunha conversación informal na que participa, explicacións ou xustificacións de puntos de vista e opinións, sobre diversos asuntos de interese persoal, cotiás ou menos habituais, articulados de maneira clara, así como a formulación de hipótese, a expresión de sentimentos e a descrición de temas como, p. e., a música, o cinema, a literatura ou os temas de actualidade.

4. Comprende, nunha conversación formal ou entrevista na que participa, información relevante e detalles sobre asuntos prácticos relativos a actividades académicas ou ocupacionais de carácter habitual e predicible, sempre que poida pedir que se lle repita, ou que se reformule, aclare ou elabore, algo do que se lle dixo.

5. Distingue, con apoio visual ou escrito, as ideas principais e información relevante en presentacións ou charlas ben estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese relacionados co ámbito educativo ou ocupacional.

6. Identifica aspectos significativos de noticias de radio claramente articuladas, nunha variedade estándar da lingua.

## *PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN*

1. Fai presentacións breves, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual (p. e. PowerPoint), sobre aspectos concretos de temas académicos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo a preguntas sinxelas dos oíntes articuladas de maneira clara e a velocidade media.

2. Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiás que poden xurdir durante unha viaxe ou estancia noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha xestión formal de maneira sinxela pero correcta e adecuada ao contexto.

3. Participa adecuadamente en conversacións informais cara a cara ou por teléfono ou outros medios técnicos, sobre asuntos cotiás, nas que intercambia información e expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; formula hipótese; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións con certo detalle; expresa e xustifica sentimentos, e describe aspectos concretos e abstractos de temas como, por exemplo, a música, o cinema, a literatura ou os temas de actualidade.

4. Toma parte en conversacións formais de carácter académico ou ocupacional, sobre temas habituais nestes contextos, intercambiando información pertinente sobre feitos concretos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista de maneira sinxela e con claridade, razoando e explicando brevemente e de maneira coherente as súas accións, opinións e plans.

### *COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS*

1. Entende o sentido xeral, os puntos principais e información relevante de anuncios e comunicacións de carácter público, institucional ou corporativo claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal, académico ou ocupacional ( p. e. sobre cursos, bolsas, ofertas de traballo).

2. Comprende correspondencia persoal, en calquera soporte incluíndo foros online ou blogs, na que se describen con certo detalle feitos e experiencias, impresións e sentimentos; nállanse feitos e experiencias, reais ou imaxinarios, e intercámbianse información, ideas e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.

3. Entende o suficiente de correos electrónicos de carácter formal como para poder reaccionar en consecuencia.

4. Localiza con facilidade información específica en textos xornalísticos en calquera soporte, ben estruturados e de extensión media, tales como noticias glosadas; reconece ideas significativas de artigos divulgativos sinxelos, e identifica as conclusións principais en textos de carácter claramente argumentativo, sempre que poida reler as seccións difíciles.

5. Entende información específica importante en páxinas Web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a materias académicas ou asuntos ocupacionais relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses.

### *PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN*

1. Escribe mensaxes e comentarios breves nos que solicita e transmite información e opinións sinxelas e nos que resalta os aspectos que lle resultan importantes respectando as convencións e normas de cortesía.

2. Escribe, nun formato convencional, informes breves e sinxelos nos que dá información esencial sobre un tema académico ou ocupacional, describindo brevemente situacións e narrando acontecementos nunha clara secuencia lineal explicando de maneira sinxela os motivos de certas accións.

3. Participa en foros, blogs e chats nos que describe experiencias, impresións e sentimentos; narra, de forma lineal e coherente, feitos relacionados co seu ámbito de interese, actividades e experiencias pasadas ( p. e. sobre unha viaxe, un acontecemento importante, un libro, unha película), ou feitos imaxinarios; e intercambia información e ideas sobre temas concretos, sinalando os aspectos que lle parecen importantes e xustificando brevemente as súas opinións sobre os mesmos.

En Vigo, a 15 de setembro de 2021



Fdo: Henar Pascual Malvar

Xefa do Departamento de francés